| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | SALCEDA DE CASELAS |
| **Edificio** | Capela de San Brais |
| **Dirección** | Lugar de Pedra Carballa, 23. Entenza. 36471 |
| | 42.091207 -8.557874 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Capela feita a base de perpiaño granítico e teitume a dúas augas con remates en pináculos piramidais. Na fachada principal podemos ver unha porta de entrada de arco de medio punto con doelas, e un escudo dos Pinedas. Na parte alta aparece a espadana dun só oco de arco de medio punto e coroada por dous pináculos piramidais con bola nos extremos e cruz central.<br>Esta capela atópase pechada polos seus laterais por dous portalóns metálicos de entrada ás propiedades particulares dos veciños.<br>No interior conserva un pequeno retablo con tres fornelas. A central ocúpaa San Brais, e as laterais San Xoaquín e Santa Ana, aos pés da Virxe María.<br>A capela foi restaurada no ano 1990 segundo reza unha placa que aparece na súa fachada principal. |
| **Campás** | 1 campá. |
| **Fotos** | 1 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao (Campás e reloxos monumentais de Galicia, FACEBOOK) |
| **Data** | 09-07-2025 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Única. | JERÓNIMO, SERAFIM DA SILVA | 1989 | 40 | 37 |

Información completa: Capela de San Brais - SALCEDA DE CASELAS (GALICIA)

PDF (13-06-2026)